



ORDENANZA 13.-

ORDENANZA REGULADORA DE PRANTACIÓN E TALA DO ARBOLADO.

Artigo 1.-Obxecto e xustificación da ordenanza.

Complementando o establecido no artigo 591 do Código Civil e no Decreto 2.061/1967, do 19 de Outubro, e de acordo cos artigos 4.1.a) e 25.2.d) e h) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, das Bases do Réxime Local, este Concello adopta unha ordenanza xeral, sen carácter fiscal, reguladora de diversos aspectos da xestión forestal que afectan ós seguintes bens protexidos:

- Medio ambiente
- Convivencia veciñal
- Bens municipais (vías públicas e outros).

Artigo 2.- Distancias e prantacións

1.- No municipio de Paderne establécense as seguintes distancias mínimas de prantación das árbores, segundo a especie, lugar e vecindario afectado:

Distancias	Eucaliptos	Pinos	Fronchosos	Frutais
Vivendas	50 m	25 m.	10 m.	6 m.
A prados e Terreos agrícolas	12 m.	8 m.	6 m.	3 m.
Ó eixe do Camiño	3 m.	2,5m.	2,5 m.	2,5 m.
Ó eixe das Pistas	4 m.	4 m.	4 m.	4 m.
Ós manantiais	25 m.	10 m.	10 m.	6 m.

No relativo ás pistas e camiños, a plantación deberá respetar un mínimo de 1 m. ó carón dos mesmos e do límite da propia finca.

2.- Nas zonas do núcleo rural e do solo non urbán común prohibese a plantación de especies forestais

3.- Nos terreos con prohibición de plantación respetaranse as existentes, pero unha vez cortados prohibese a repoboación, incluíndo os propios retoños; o aproveitamento do terreo dedicarase a explotación agrícola ou gandeira.



4.- Co fin de garanti-lo efectivo cumprimento da ordenanza, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da prantación de superficies forestais superiores a 500 m²; na comunicación identificarase ó propietario, a finca da plantación , así como a especie e densidade

5.- Protección da zonas fluviais e marítimo terrestre:

Desde o cauce ata unha distancia de 100 metros a cada unha das marxes dos ríos, Lambre, Mandeo, Zarzo e Maizoso, únicamente poderán prantarse especies frondosas. Todo isto sen prexuízo do disposto na Lei 29/1985, de 2 de Agosto de Augas, en canto á protección do dominio público hidráulico.

Establécese a mesma lonxitude , no que se permite únicamente a prantación de frondosas, que se contará desde o límite interior da zona de dominio público marítimo terrestre, sen prexuízo do disposto na Lei 22/ 1988, de 28 de Xullo de Costas.

Artigo 3.- Tala de prantacións

1.-Para garanti-la preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos da tala das prantacións forestais, cando superen as 20 toneladas.

2.- A comunicación da corta será efectuada polo madeirista, debendo constar na mesma o seguinte:

- Identificación do propietario e madeirista
- Especie de madeira obxecto da tala, así como Tm a extraer
- Nome do monte afectado ou identificación nun plano da normativa urbanística
- Lugar do depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.

3.- O madeirista encargado da tala será responsable directamente dos desfeitos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, incluíndo a limpeza e retirada dos residuos.

4.- As vías públicas non poderán usarse para almacén da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga; sabendo que as cunetas sempre quedarán limpas e en bo estado de utilización.

5.- O madeirista establecerá unha fianza a favor do Concello, con obxecto de responder dos posibles desfeitos non reparados voluntariamente, na contía fixada polo servizo técnico municipal



Artigo 4.- Infraccións.

Con carácter xeral, calquera incumprimento das obrigas formais ou do contido da presente ordenanza reputarase como infracción leve .

Reputarase infracción grave a reiteración na comisión de infraccións leves (máis de 2 en 2 anos), así como cando a valoración económica do volume da madeira afectada supere os 6.000 €

Artigo 5.- Sancións.

As infraccións á presente ordenanza serán sancionadas, por medio de acordo plenario, da seguinte forma:

-Comisión de infracción leve: 30 €de multa; adicionalmente establécense as seguintes contías segundo a natureza da infracción.

- 0,60 € por cada árbore incorrectamente plantada, con obriga da súa retirada.
- 3 € por tonelada de madeira talada e transportada sen comunicación previa.
- Comisión de falta grave: 150€

Artigo 6.- Requerimentos

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralla do expediente sancionador, requerirase ó responsable da infracción para que se axuste á normativa, outorgándolle un prazo máximo dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ó requerimento, sen necesidade de novas notificacións procederase á execución subsidiaria do mesmo, cargándolle os custes da mesma á persoa responsable.

O que se fai público ós efectos de vixencia e coñecemento xeral; contra o acordo de aprobación definitiva pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses

Paderne. 26-09-2000